

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE PROGRAMAS DE RADIO OUTUBRO DE 2019-XUÑO DE 2020 DE AMES RADIO

1.- Introducción.

O artigo 10 do Regulamento de organización e funcionamento da Emisora Municipal de frecuencia modulada "Ames Radio" do Concello de Ames (en diante "Regulamento da radio") establece que se fomentará "que persoas voluntarias colaboren con Ames Radio, polos seus coñecementos e interese sobre a radio ou sobre determinados temas, para conseguir unha meirande diversidade e variedade de temas na programación da emisora".

Para lle dar cumprimento, o Concello de Ames abre unha convocatoria para presentar proxectos de programas de radio para emitir entre outubro de 2019 e xuño de 2020.

2.- Condicións.

1. Ames Radio poñerá a disposición o espazo físico, o equipamento técnico e o persoal técnico necesario para a gravación dos programas seleccionados nos días e horas que se determinen.
2. A emisión dos programas seleccionados farase en función da grella de programación que aprobe a Comisión Asesora de Comunicación do Concello de Ames, aínda que se procurará respectar no posible as propostas de emisión das persoas ou entidades propoñentes.
3. Cando nos proxectos vaia participar máis dunha persoa (ata un máximo total de cinco) indicarse un/ha coordinador/a responsable de garantir o bo funcionamento do proxecto e o cumprimento das condicións de emisión, así como axilizar a comunicación co persoal da emisora.
4. Todas as persoas integrantes dos proxectos seleccionados comprométese a participar das actividades de capacitación e orientación que poñerá a disposición a emisora.
5. O desenvolvemento dos programas someterase ás indicacións técnicas do persoal da emisora.
6. O traballo das persoas colaboradoras será sempre gratuíto e sen que poidan adquirir ningún tipo de dereito nin obriga, nin relación laboral ou funcional, para o cal se asinará o correspondente documento. Si poderán ser indemnizados/as polos gastos que lles ocasione o cumprimento da súa colaboración, nos termos establecidos pola norma existente para tal efecto para os empregados públicos e membros da Corporación, para o cal deberán obter previamente a correspondente autorización por parte do responsable político.
7. As persoas colaboradoras adquiren o compromiso de manter a colaboración polo tempo ou número de programas que establezan entre ambas as partes en función da convocatoria. En ningún caso, agás causa de forza maior, se poderá faltar ao compromiso sen aviso previo. En caso contrario, serán penalizadas coa imposibilidade de colaborar con Ames Radio durante o tempo que se determine.
8. A continuidade dos proxectos poderá ser avaliada logo dese período para posibilitar a súa continuidade.
9. Nos programas inclúiranse os contidos publicitarios que determine Ames Radio en función dos compromisos existentes por contratación.
10. A emisora municipal non se fai responsable das consecuencias xurídicas ou de calquera outro tipo que se deriven das actuacións e opinións vertidas en programas elaborados por persoas ou grupos colaboradores.
11. O incumprimento de calquera destas condicións dará lugar ao cesamento do programa seleccionado e ao cesamento das persoas colaboradoras infractoras.

3.- Destinatarios/as.

Poderá presentar os seus proxectos calquera persoa, asociación ou entidade de Ames maior de 18 anos. Tamén poderán presentar proxectos persoas maiores de 16 anos sempre baixo a responsabilidade dalgún dos seus proxenitores ou titor/a.

Así mesmo poderán presentar proxectos en Ames Radio outras persoas, asociacións ou entidades non residentes no municipio cando resulten de interese para o Concello de Ames ou estean protagonizados por persoas residentes ou nadas no municipio ou que traballen nel, así como por asociacións e colectivos do Concello. Neste caso presentará o proxecto unha persoa coordinadora que deberá ter un mínimo de 18 anos de idade.

Os posibles proxectos escolares dos centros de ensino de Ames para a radio encarreiraranse mediante outros procedementos.

4.- Presentación dos proxectos.

A presentación dos proxectos realizarase a través dos rexistros do Concello en Bertamiráns ou no Milladoiro. Deberá incluír a seguinte documentación, dirixida a Ames Radio:

1. Solicitude anexa a este convocatoria debidamente cuberta.
2. Copia dixital ou fotocopia do DNI da persoa responsable do proxecto e do menor que o presente, de ser o caso.
3. Constancia do coñecemento por parte das persoas propoñentes dos principios de funcionamento de Ames Radio segundo o modelo que se achega.
- 4 Opcional: Entrega dunha demo do programa en formato mp3. Será obrigado no caso de propostas de programas que se graven fóra de Ames Radio.
5. Poderán achegarse outros documentos que se consideren pertinentes ou relevantes para a avaliación da proposta.

5.- Prazo de presentación.

O prazo para a presentación dos proxectos comezará o 8 de xullo de 2019 e finalizará o 2 de agosto do mesmo ano.

A relación dos proxectos presentados será exposta nos taboleiros oficiais do Concello e na web do Concello de Ames (www.concellodeames.gal) o día 12 de agosto.

6.- Avaliación e aprobación de proxectos.

O persoal técnico da emisora emitirá un informe de avaliación para o Consello Asesor da Radio sobre os proxectos recibidos en función dos criterios. Será o Consello Asesor quen aprobe a inclusión de novos programas e colaboradores. Posteriormente será a responsable política da emisora quen faga o nomeamento oficial como colaborador ou colaboradora de Ames Radio.

Establécese un máximo de vinte programas para a convocatoria, creando unha lista de agarda se houbera máis proxectos presentados. En caso de causar baixa algún dos programas seleccionados, procederíase á incorporación dun novo espazo en función desa lista.

7.- Criterios de avaliación.

1. Experiencia anterior de programas en Ames Radio
 2. Coherencia do proxecto coa misión, funcións e principios da emisora, recollidos no Regulamento da Radio (arts. 2-3)
 3. Claridade do proxecto
 4. Viabilidade do proxecto
 5. Orixinalidade da proposta
 6. Experiencia ou formación en radio das persoas propoñentes
 7. Impacto e proxección na sociedade amesa
- Quedarán excluídos todos os proxectos con contido racista, sexista, xenófobo, discriminador ou que poidan facer apoloxía de actos delituosos.

8.- Comunicación de proxectos seleccionados.

No mes de setembro a relación de proxectos aprobados será publicada nos taboleiros oficiais do Concello e na páxina web de Ames Radio, e incluída na grella de programación. Ademais, Ames Radio contactará coas persoas responsables dos proxectos seleccionados a través do teléfono ou do enderezo de correo electrónico indicados na solicitude.

9.- Alteración da grella de programación.

A emisión dos programas queda suxeita a posibles actividades de especial interese xeral para o Concello de Ames, que de maneira excepcional se teñan que retransmitir na mesma franxa horaria. Tal modificación seralle comunicada con antelación á persoa responsable do proxecto.

O Consello Asesor de Comunicación de Ames poderá revogar a súa aprobación á colaboración cando nesta se contraríen os principios de funcionamento de Ames Radio establecidos no artigo 3.1 do Regulamento de organización e funcionamento da Emisora Municipal de frecuencia modulada "Ames Radio" do Concello de Ames, cuxo coñecemento por parte das persoas colaboradoras debe facerse constar canda o proxecto de programa.

10.- Acreditación.

Ames Radio acreditará a participación e o servizo das persoas colaboradoras coa radio municipal mediante un diploma.

11.- Contacto.

Para calquera dúbida respecto, póñase en contacto con Ames Radio a través do correo electrónico <radio@concellodeames.gal> ou o teléfono 981 89 04 52 .

SOLICITUDE PROXECTOS PROGRAMAS AMES RADIO

TÍTULO DO PROXECTO/PROGRAMA:

NOME e CIF DA ASOCIACIÓN OU COLECTIVO QUE O PROPÓN (de ser o caso)

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE

Nome e apelidos: NIF:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

Cofecementos ou experiencia en radio:

DATOS DOUTRAS PERSOAS PARTICIPANTES (Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, correo electrónico e teléfono, cofecementos ou experiencia en radio, roles no programa)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

DATOS DO PROGRAMA

Título do programa:

Obxectivos do programa:

Descrición do programa:

Xénero:

- Cultural
- Educativo
- Deportivo
- Social
- Opinión
- Musical (indicar estilo musical predominante)
- Ficción
- Outro (indicar):

Temas específicos que abordará o programa:

A quen vai dirixido:

Motivacións para realizar o programa:

Que achega de novo a proposta?:

Lingua(s) de emisión:

Necesidades técnicas (chamadas telefónicas, uso das redes sociais, invitados no estudio, premontaxes, edición, música, efectos sonoros...)

Produción/gravación

- No estudio Ames Radio
- Fóra dos estudos de Ames Radio (será obrigado presentar un arquivo audio en formato MP3 de 5 minutos como máximo que amose como sería o programa)

Periodicidade

- Semanal
- Quincenal
- Mensual

Duración

- 30 minutos
- 60 minutos

Día e hora de emisión suxerido (como mínimo dúas propostas):

DATA

SINATURA DO/A RESPONSABLE DO PROXECTO

Constancia do coñecemento por parte das persoas proponentes dos proxectos de radio dos principios de funcionamento de Ames Radio

Eu, _____, que presento un proxecto de programa en réxime de colaboración para Ames Radio,

FAGO CONSTAR

- Que coñezo e entendo o Regulamento de organización e funcionamento da Emisora Municipal de frecuencia modulada "Ames Radio" do Concello de Ames (BOP núm. 138. do 26 de setembro de 2016).
- Que coñezo e entendo que o traballo das persoas colaboradoras será sempre gratuíto e sen poder adquirir ningún tipo de dereito nin obriga, nin relación laboral ou funcional co Concello de Ames.

Ames, _____ de 2019